

PROCEDEMENTO CT302F. Subvencións a Festivais de Música

ASUNTO Resolución de concesión de subvención

#### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O 19 de decembro de 2024 (DOG núm. 244), publícase a Resolución do 22 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a festivais de música e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento CT302F).

2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 20 de xaneiro de 2025, procédese ao estudo de todas as solicitudes recibidas, relacionadas no anexo I, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.

3. O día 21 de marzo de 2025, réunese a Comisión de Valoración, nomeada ao efecto, para avaliar as solicitudes que se relacionan no anexo III por ser as que cumpren co establecido nas bases da convocatoria.

Rematada esta reunión, a devandita comisión de avaliación, redacta a acta e o informe coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas expresada de maior a menor, recollidas no anexo IV, en aplicación dos criterios de avaliación establecidos nas bases reguladoras. Este informe é elevado ao órgano instrutor.

4. O día 27 de marzo de 2025, unha vez instruído o procedemento e entregado o informe preceptivo por parte da comisión avaliadora, o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (en diante, Agadic), como órgano instrutor, emitiu informe e ditou unha proposta de resolución na que se indica o número de solicitudes presentadas, admitidas, as solicitudes susceptibles de percibir subvención e o importe económico que se propón para cada unha delas e as solicitudes desestimadas.



## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o presidente do Consello Reitor de Agadic, de conformidade co disposto no artigo 18.2 da Resolución do 22 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a festivais de música e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento CT302F), debendo ditar resolución expresa no prazo de 15 días, dende a data de elevación da proposta de resolución..

2. Todos os expedientes de solicitudes de subvencións a festivais de música ao abeiro da convocatoria para o ano 2025, co código de procedemento CT302F foron tramitados e estudados conforme ás bases desta.

3. O día 21 de marzo de 2025, reúnese a comisión de avaliación para o estudo e análise das solicitudes susceptibles para ser subvencionadas. Rematada a reunión, a comisión de avaliación remite Acta-Informe coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas . Esta relación, coa puntuación expresada de maior a menor, determina a orde de prelación das persoas susceptibles de ser beneficiarias e reflíctese no anexo IV.

4. Como resultado de todo o proceso, o director de Agadic emite informe e presenta a súa proposta de resolución de conformidade co artigo 18 das bases reguladoras o día 27 de marzo de 2025.

Por todo o anteriormente exposto, tras examinar a proposta de resolución do director de Agadic, e de conformidade con ela,

### RESOLVO:

1. Inadmitir e declarar a desistencia das solicitudes que se relacionan no anexo II pola causa que nel se expresa.
2. Admitir as solicitudes que se relacionan no anexo III por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria.



3 Conceder a subvención, cos importes que se expresan, as entidades solicitantes que se relacionan no anexo V.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor de Agadic. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto. Unha vez transcorrido o devandito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, a persoa solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O presidente do Consello Reitor de Agadic

José Carlos López Campos



**ANEXO I**  
**SOLICITUDES PRESENTADAS**

Nº DE EXPE-DIENTE	NIF	PERSOA SOLICITANTE	PROXECTO
CT302F/2025/1	G70161096	Asociación Ateneo de Santiago	VII Edición do Festival de Música Antiga e Barroca. Ateneo Barroco 2025
CT302F/2025/2	G16815995	Asociación Festibandeira	Festival Murallón de Son
CT302F/2025/3	G44974327	Asociación Perla Mural Fest	Perla Mural Fest 2025
CT302F/2025/4	G94196805	Asociación Cultura de Bar	Castes The Musical
CT302F/2025/5	G15061070	Asociación Folclórica Colegiata de Sar	Festival Folk "Na Beira do Sar"
CT302F/2025/6	34274934N	Hugo Dos Santos Castro	Ecos da Ribeira
CT302F/2025/7	G27867076	The Wild	The Wild Fest 2025 VII Edición
CT302F/2025/8	B13867429	Eventos Festival del Val, SL	Festivaliño
CT302F/2025/9	J70238183	Music Arte Rey Saavedra, SC	Sisons Enclave Musical Fest
CT302F/2025/10	B70597901	Pegada Sonora, SL	Festival Beatout
CT302F/2025/11	G94084456	Asociación Cultural Galicia Fiddle	Encordass Fiddle Fest



**ANEXO II**
**SOLICITUDES INADMITIDAS E DESISTIDAS**

Nº EXPEDIENTE	NIF	SOLICITANTE	PROXECTO	CAUSA DE INADMISIÓN
CT302F/2025/5	G15061070	Asociación Folclórica Collegiata de Sar	Festival Folk "Na Beira do Sar"	Artigo 4.f das bases da convocatoria
CT302F/2025/9	J70238183	Music Arte Rey Saavedra, SC	Sisons Enclave Musical Fest	Artigo 4 das bases da convocatoria
Nº EXPEDIENTE	NIF	SOLICITANTE	PROXECTO	CAUSA DE DESISTENCIA
CT302F/2025/3	G44974327	Asociación Perla Mural Fest	Perla Mural Fest 2025	Artigo 8.2 das bases da convocatoria
CT302F/2025/6	34274934N	Hugo Dos Santos Castro	Ecos da Ribeira	Artigo 8.2 das bases da convocatoria
CT302F/2025/8	B13867429	Eventos Festival del Val, SL	Festivaliño	Artigo 8.2 das bases da convocatoria
CT302F/2025/4	G94196805	Asociación Cultura de Bar	Castes The Musical	Renuncia á solicitude

**ANEXO III**
**SOLICITUDES ADMITIDAS PARA AVALIACIÓN POLA COMISIÓN DE AVALIACIÓN**

Nº EXPEDIENTE	NIF	PERSOA SOLICITANTE	PROXECTO
CT302F/2024/1	G70161096	Asociación Ateneo de Santiago	VII Edición do Festival de Música Antiga e Barroca. Ateneo Barroco 2025
CT302F/2024/2	G16815995	Asociación Festibandeira	Festival Murallón de Son
CT302F/2024/7	G27867076	The Wild	The Wild Fest 2025 VII Edición
CT302F/2024/10	B70597901	Pegada Sonora, SL	Festival Beatout
CT302F/2024/11	G94084456	Asociación Cultural Galicia Fiddle	Encordass Fiddle Fest





**ANEXO IV**

**SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA**

Nº DE EXPEDIENTE	NIF	BENEFICIARIO	PROXECTO	PUNTUA- CIÓN TOTAL
CT302F/2025/10	B70597901	Pegada Sonora, SL	Festival Beatout	53,33
CT302F/2025/11	G94084456	Asociación Cultural Galicia Fiddle	Encordass Fiddle Fest	51,50
CT302F/2025/7	G27867076	The Wild	The Wild Fest 2025 VII Edición	47,00
CT302F/2025/1	G70161096	Asociación Ateneo de Santiago	VII Edición do Festival de Música Antiga e Barroca. Ateneo Barroco 2025	44,50
CT302F/2025/2	G16815995	Asociación Festibandeira	Festival Murallón de Son	36,67



**ANEXO V**
**SOLICITUDES SUBVENCIONADAS E IMPORTE CONCEDIDO**

Nº DE EXPE-DIENTE	NIF	SOLICITANTE	PROXECTO	IMPORTE SOLI-CITADO	IMPORTE CONCEDIDO
CT302F/2025/10	B70597901	Pegada Sonora, SL	Festival Beatout	10.000,00 €	10.000,00 €
CT302F/2025/11	G94084456	Asociación Cultural Galicia Fiddle	Encordass Fiddle Fest	10.000,00 €	9.675,00 €
CT302F/2025/7	G27867076	The Wild	The Wild Fest 2025 VII Edición	10.000,00 €	9.929,75 €
CT302F/2025/1	G70161096	Asociación Ateneo de Santiago	VII Edición do Festival de Música Antiga e Barroca. Ateneo Barroco 2025	10.000,00 €	10.000,00 €
CT302F/2025/2	G16815995	Asociación Festi-bandeira	Festival Murallón de Son	10.000,00 €	9.180,00 €

